



Confederación Intersindical Galega  
Sección Sindical CIG Telefónica  
Convenio Colectivo 2008

## O 29 de maio: MOBILIZACIÓN

A convocatoria de paro xa foi quen de modificar o calendario das reunións da Mesa de Negociación pois a vindeira reunión adiantase para o martes 27. Na reunión coa empresa do Comité de Folga, do día 22 (integrado polos sindicatos CIG, AST, Cobas, ESK, ELA, LAB e EC) só se estableceron os Servizos Mínimos. O cambio de data da Negociadora é unha mostra evidente de que a presión - mobilización e unha ferramenta útil e imprescindible que os traballadores debemos usar na negociación.

Tamén o 22 houbo Mesa de Negociación na que a empresa sigue coa súa teima no asunto da clasificación profesional e da a puntada definitiva coa presentación das táboa salariais polo que o cadro de persoal debemos darlle unha resposta clara e contundente. Tamén debemos deixar claro á RR.TT. que non queremos que se acepten as pretensións da empresa.

**O xoves 29** de maio está na túa man realizar un **paro de 3.5 horas** (as últimas de cada quenda, excepto na de tarde que son as primeiras) para dicir **NON**:

- **NON** ao modelo de Clasificación Profesional proposto pola empresa.
- **NON** á desregulación das nosas condicións laborais e a destrución de emprego: incremento de funcións, incluso doutras categorías, bolsa de horas, tarefas, etc.
- **NON** á desregulación absoluta que supón o modelo salarial proposto.
- **NON** a aparcar asuntos desta importancia en Mesas de Negociación Permanentes que operan de costas aos traballadores.
- **NON** á perda de poder adquisitivo

**O xoves 29 de maio tes dúas opcións: ou calas e asumes que negocien no teu nome sen contar contigo ou te expresas e dis NON. É hora de que asumas a túa responsabilidade como traballador e des a túa opinión.**

**MOBILIZATE E PARTICIPA, O FUTURO DAS NOSAS  
CONDICIÓNS LABORAIS ESTÁ EN XOGO**

Compostela, 22 de maio de 2008